



facultade de
informática
da coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**PROXECTO FIN DE CARREIRA
PROPOSTO POLO ESTUDANTE**

TITULACIÓN: ETIX

ALUMNO/A: Leandro Regueiro Iglesias

NIF: 44837882A

DOMICILIO: Bispo Dieguez Reboredo 5

LOCALIDADE: Touro (san Xoan)

C. POSTAL: 15822

TELÉFONO: 649099164

EMAIL: leandro.regueiro@udc.es

TITOR: Ortega Hortas, Marcos

DEPARTAMENTO: Computación

DIRECTOR: David Cabrero Souto

DEPARTAMENTO: Computación

TÍTULO DO PROXECTO:

Desenvolvemento de aplicativo para a discusión colaborativa de terminoloxía utilizando tecnoloxías Web 2.0 e a infraestrutura de desenvolvemento web Django

Terminology collaborative discussion application development using Web 2.0 technologies and the Django web development framework

Desarrollo de aplicación para la discusión colaborativa de terminología utilizando tecnologías Web 2.0 y el framework de desarrollo web Django

Asinado:

Vº Bº, o Titor/a do proxecto

O Director/a do proxecto

O Alumno/a

SR./SRA. DECANO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA

OBXECTIVOS CONCRETOS:

O principal obxectivo deste proxecto é crear un aplicativo web de discusión colaborativa de terminoloxía centrado na elaboración de recursos terminolóxicos para a localización, con exportación a formatos estándares como TermBase eXchange (TBX), consulta mediante buscas e importación de datos terminolóxicos.

MATERIAL E MEDIOS NECESARIOS:

Para levar a cabo o proxecto, empregarase un computador con conexión á Internet e o seguinte software:

- * Sistema operativo: Ubuntu 10.04 Lucid Lynx
- * Editor de texto: Gedit
- * Terminal: Gnome Terminal
- * Contorno de desenvolvemento: Django 1.3
- * Sistema de xestión de bases de datos: PostgreSQL 8.4.7
- * Interface para a xestión da base de datos: phpPgAdmin 4.2.2
- * Ferramenta de modelado UML: ArgoUML
- * Ferramenta para a redacción da documentación: Kile
- * Ferramenta para a xestión do proxecto: Planner

BREVE DESCRIPCIÓN:

A terminoloxía é unha disciplina que estuda de xeito sistemático a designación de conceptos relativos a un ou varios ámbitos mediante a investigación e análise dos termos en contexto, coa fin de documentar e promover o seu uso correcto. Este estudo pode limitarse a un idioma ou pode abranguer máis dun idioma á vez. Ao conxunto de termos propios dun ámbito determinado tamén se lle chama terminoloxía ou vocabulario, e recóllense en compilacións chamadas glosarios.

A internacionalización é a modificación dun software para que sexa capaz de adaptarse ás diferentes realidades culturais existentes, xa sexan idiomáticas (alfabeto, sistema de numeración, dirección de escritura), culturais (día que comeza a semana, nomes de organismos, moeda, estándares), etc. A localización consiste en proporcionar unha adaptación específica para unha realidade cultural determinada para un software internacionalizado, o que inclúe a tradución así como o fornecer información respecto ás diferencias culturais.

Para poder realizar unha localización de calidade é imprescindible realizar traducións consistentes e con solucións correctas, polo que o uso sistemático e continuo dunha terminoloxía ampla, correcta e de calidade, recollida en glosarios de fácil consulta e creados por organismos recoñecidos ou por mediante consensos entre grupos de persoas con coñecementos sobre o ámbito en cuestión.

No referente á localización de software libre, a terminoloxía empregada normalmente discútase entre as persoas que localizan a un idioma determinado, xa sexa mediante roldas de correo, wikis

ou presencialmente, proporcionando solucións ad hoc que non sempre se recollen en glosarios e aínda menos se gardan xunto a unha xustificación das razóns polas que se decidiu que a tradución escollida é a que se debe empregar. Ademais cando os resultados dos acordos se recollen nun glosario, este é difícil de consultar, ou está desactualizado ou está nun formato que impide a súa utilización directa nos programas de localización.

Estas eivas poden resolverse ou minimizarse mediante o emprego de novas tecnoloxías e formas de traballo, como a chamada Web 2.0. Este proxecto pretende empregar este novo enfoque para desenvolver unha aplicación web mediante a cal se poidan crear de forma colaborativa terminoloxías e glosarios multilingües que permitan realizar consultas de forma rápida e sinxela, consultar as últimas modificacións e discusións, exportar de forma sinxela e configurábel ao formato estándar para o intercambio de terminoloxía TBX (TermBase eXchange), todo elo agrupando os acordos e a discusión que levou a eles, mantendo unha solución transparente con algúns dos sistemas de discusión anteriores ao seguir notificando os cambios e discusións mediante o correo electrónico, e creando unha comunidade de colaboradores de diferentes idiomas e culturas que permita crear sinerxias.

Para a realización deste proxecto usarase a metodoloxía de desenvolvemento rápido de aplicacións Scrum. Esta metodoloxía permite acurtar significativamente os ciclos de desenvolvemento e asegura que ao final de cada un deles se obtén un produto plenamente funcional. Para realizar o desenvolvemento empregaranse tecnoloxías libres como Python e Django, formatos estándares como TermBase eXchange, e seguindo patróns de deseño recoñecidos como o MVC (Model View Controller).

MÉTODO DE TRABAJO:

Seguirase a metodoloxía de desenvolvemento áxil Scrum. O proxecto terá as seguintes fases:

- * Estudo da terminoloxía e a súa aplicación ao campo da localización, sobre todo á localización de software e documentación libres.

- * Estudo dos estándares abertos dispoñíbeis para o intercambio de terminoloxía.

- * Estudo das diferentes alternativas existentes para a xestión de terminoloxía, xa sexa de forma xeral ou como ferramentas para o apoio á localización de software libre.

- * Desenvolvemento. Constará de varias iteracións sucesivas, que estarán compostas polas seguintes fases:

- # Análise

- # Deseño

- # Implementación

- # Probas

- * Publicación do software

A documentación do desenvolvemento do proxecto farase de forma simultánea ás anteriores

fases.